

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2020

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogos do PP

1º Son varias as queixas recibidas por este Grupo Municipal Popular respecto da deficiente información que se ofrece dende o noso concello en relación coa documentación necesaria para a tramitación de impostos de recadación delegada noutras administracións públicas, como a Deputación Provincial e o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interesa que se adopten as medidas necesarias para resolver, á maior brevidade posible, o problema advertido.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo, se ben manifesta que non teñen constancia de ningunha queixa e agradecería que cando teñan coñecemento dalgunha llela fagan chegar para darlles aos veciños a información correspondente.

O señor presidente, don Juan González Leirós, engade que é difícil dirixirse á Deputación para formularlle esta cuestión de forma xenérica.

Don Juan María Abalo Castex di que dende o Concello se informa aos veciños que teñen que traer a documentación ao Concello pero non se lles concreta que documentación deben traer.

O señor presidente di que cree que é mellor que veñan falar directamente co técnico responsable da materia.

2º Á vista do fraudulento rexistro da marca notoria Galaicoi por parte dunha empresa privada e a presunta recuperación dela en virtude de contrato bilateral que se cualificou como gratuito, dende o Grupo Municipal Popular estimouse dende un primeiro momento que o dito contrato debería considerarse necesariamente como oneroso, interesando a elaboración e remisión dun informe xurídico sobre tal aspecto, que non é ningún dos que se acompañou no seu día. Informe que foi reiterado en comisións informativas do mes de xullo e que pese ao tempo transcorrido, este Grupo Municipal Popular (s.e.u.o), aínda non ten recibido.

De aí que dende este grupo se interesa que o dito informe sexa remitido á maior brevidade posible a todos os grupos políticos con representación no noso concello.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que con data do 3 de xullo de 2020 remitiuse mediante wetransfer o expediente escaneado. Entre esta documentación, consta o informe emitido pola secretaría municipal con data de 5 de febreiro de 2020 en cuxa consideración xurídica terceira se establece claramente que, *“a xuízo das funcionarias informantes, estamos ante unha adquisición gratuita en tanto que **“a esixencia de reintegrar ó cedente a taxa ingresada pola inscrición no Rexistro de Marcas (368,99 euros) non debe computarse como gravame pois obedece a un gasto necesario que o Concello debe asumir para cumprir coa obriga de protexer e defender o seu patrimonio imposta, con carácter básico, no artigo 28 da Lei 33/2003: “as Administracións públicas están obrigadas a protexer e defender o seu patrimonio. A tal fin, protexerán adecuadamente os bens e dereitos que o integran, procurarán a súa inscrición rexistral, e exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes para iso”**”*.

Dona Marta María Vázquez Golpe, do PP, contesta que, efectivamente, entre a documentación remitida está o informe xurídico emitido pola secretaría xeral pero que o que o seu grupo municipal leva tempo solicitando é un informe xurídico respecto da cualificación, onerosa ou gratuíta, do citado contrato de cesión de nome comercial, un informe xurídico sobre este aspecto en concreto.

Don Ramón Boga Moscoso di que se está a poñer en cuestión o informe da secretaría xeral.

Dona Marta María Vázquez Golpe contesta que simplemente se está solicitando unha aclaración sobre ese extremo.

Preguntas do PP

1ª Á vista das diversas declaracións efectuadas polo Goberno municipal de Cambre na que se manifestaba como inasumible polo noso concello o gasto necesario para cumprir o protocolo de seguridade sanitaria nos centros educativos do noso concello, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente en materia económica, sobre a imposibilidade ou non de destinar recursos públicos municipais para cumprir co dito protocolo sanitario, ante unha competencia municipal como esta da que se trata.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que se destinarán os recursos que sexan precisos para garantir a seguridade sanitaria dos escolares nos centros educativos, aínda que tanto un informe da Deputación da Coruña como outro da Deputación de Pontevedra insisten en que é competencia da Xunta garantir as medidas de seguridade nos colexios fronte á Covid 19.

2ª Á vista do incremento do cadro de persoal na Concellería de Urbanismo, dende o Grupo Municipal Popular se interesa informe sobre o incremento de persoal e sistema de provisión de prazas na dita concellería nos dous últimos exercicios.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non houbo incremento do cadro de persoal nos dous últimos anos, que o que hai é un aumento de persoal interino en tres persoas.

Di que, por un lado, hai un arquitecto para a execución dun programa de carácter temporal e duración determinada que accedeu mediante o correspondente proceso selectivo.

Engade que tamén se cubriu o posto do encargado de obras, logo da xubilación da persoa que ocupaba ese posto, a través dun funcionario interino, que tamén accedeu mediante o correspondente proceso selectivo.

E, finalmente, di que tamén se incorporou un encargado de obras para a execución dun programa de carácter temporal e de duración determinada por tres anos, procedente do proceso selectivo empregado para cubrir a xubilación do encargado de obras.

Preguntas de AV

1ª Dado o servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e de Brexo-Lema. Tamén no caso dos polideportivos municipais entendemos que hai persoal que está a ter unha modificación substancial do seu traballo.

Como se está a xestionar este tema?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que os conserxes de instalacións deportivas cumpren as funcións propias do seu posto de traballo e, de forma puntual e de mutuo acordo, están colaborando con outros departamentos.

2ª Dada a imposición e bo funcionamento da cita previa que se está a empregar nos diferentes departamentos e servizos ao cidadán.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que no rexistro e en urbanismo estanse dando citas entre 24 e 48 horas.

Respecto da ADL, di que se atende o mesmo día da petición de cita ou ao día seguinte.

Tamén di que en Servizos Sociais as emerxencias e urxencias aténdese diariamente, as citas presenciais, cunha media de 8 días, as telefónicas de media 10 días e as xestións telefónicas quedan atendidas entre 24 e 48 horas.

Para rematar, informa que en Intervención e Tesourería aténdese telefónica ou presencialmente todas as consultas no momento.

3ª Aínda que manexamos diferente normativa para o prazo de entrega de documentación aos membros desta Corporación municipal. Non acabamos de atinar cal é exactamente o prazo de resolución, ou en que normativa se basea o Goberno municipal.

Poderían aclarar cales son os prazos de resposta dos escritos presentados por Rexistro municipal?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non existe un prazo concreto e que, segundo o artigo 16.2 do Regulamento Orgánico Municipal: *“o pedimento de acceso ás informacións entenderase concedido por silencio administrativo no caso de que o presidente ou a Comisión de Goberno non diten resolución ou acordo denegatorio e sexa notificado persoalmente ao concelleiro interesado no termo dos cinco días naturais contados desde a data de presentación da solicitude no Rexistro de Entrada. En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa deberase facer a través de resolución ou acordo motivado”*.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP

1º Veciños e usuarios do campo da feira de Cambre advirten da existencia dun toco dentro dun dos alcorques situados xusto enfrente da casa do concello de Cambre, tal e como se desprende das fotografías que se achegan.

Descoñecendo o motivo e cando se produciu a talla da mencionada árbore, o certo é verdade é que o máis lóxico parece a reposición dunha árbore da mesma especie ao resto dos que se atopan no mencionado lugar, razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que se proceda, á maior brevidade posible, á reposición da árbore tallada.

Dona Patricia Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, di que se acepta o rogo e que se está traballando para repoñer o exemplar á maior brevidade posible. Engade que un dos camiões de recollida de lixo de Ferrovial golpeou o plataneiro manobrando diante da Casa do Concello.

2º Aceptado o rogo presentado no último pleno ordinario por este Grupo Municipal Popular respecto da correcta difusión da información sobre as obrigas cidadás respecto do COVID-19, non se aprecia (s.e.u.o) que, case un mes despois se teña adoptado ningunha medida que probe o seu cumprimento. Medidas referidas, tanto á habilitación dun espazo ou link na páxina web/muro de Facebook do Concello de Cambre (que informara sobre as últimas novidades, tamén as normativas que impoñían ou levanten obrigas ou restricións á poboación ou a colectivos específicos), así como a colocación de carteis informativos naqueles lugares onde se adoita practicar deporte ao aire libre nos que non se informa, por exemplo, da obrigatoriedade de utilizar máscara, tal e como están levando a cabo outros municipios da nosa contorna (como reflicte a fotografía que se achega).

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese que se adopten, á maior brevidade posible, as medidas necesarias para dar cumprimento ao rogo popular aceptado o mes pasado.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, di que entende que xa se deu cumprimento ao rogo pois toda a información está xa publicada nas redes sociais do Concello así como na páxina web.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que el non viu as ditas publicacións, e carteis, menos, por exemplo na zona do paseo marítimo e na zona verde pegada á Casa das Palmeiras.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto contesta que tanto nas redes sociais coma na web do Concello toda a información está publicada dende o día 20 de agosto e que, respecto da cartelería, estudárase os lugares onde resulte preciso instalala.

Para finalizar, o presidente da Comisión, don Juan González Leirós, conclúe que ampliarán os espazos con carteis.

A continuación, don Juan María Abalo Castex explica que, habida conta que unha das preguntas que formulan ten a natureza de rogo e non exceden do número máximo de rogos presentados, preséntano neste acto como rogo verbal:

3º Veciños e usuarios do campo da feira de Cambre advírtennos do deficiente asfaltado, incluso coa existencia de fochancas, da calzada de tráfico rodado, que o fan perigoso; problemas que se agudizaron trala realización das obras na praza Europa, tal e como se advirte na fotografía que se achega.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro competente que se adopten as medidas pertinentes para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

O señor presidente, don Juan González Leirós di que lles contestarán por escrito.

Rogos do AV

1º O pasado ano no remate do verán o municipio foi afectado por unha praga de pulgas. Non coñecemos se este ano se está a realizar algunha acción para previr ou controlar se esta praga se volve a desatar. Polo tanto, rogamos que no caso que non estean implementadas xa, sexan activadas medidas de prevención que se poidan levar a cabo dende o concello, así como facilitar as medidas de prevención que poden tomar

veciños e veciñas.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, di que é moi difícil detectar con carácter previo a existencia dun foco, que en canto o detectan xa actúa Protección Civil rapidamente pero que é difícil actuar de forma preventiva.

2º A cancelación do programa de actividades educativas como medida extraordinaria deste goberno municipal como prevención da situación da crise sanitaria.

Con independencia disto, consideramos este tipo de actividades como esenciais para a veciñanza e as familias, obviamente adaptando á nova situación e as pertinentes medidas que hai que tomar.

Rogamos sexan activados os programas de actividades de Educación.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, di que acepta o rogo e que están traballando neste tema, estudando se en todas as actividades é posible implantar as medidas de seguridade oportunas pois está claro que debe terse moi presente a conciliación.

Preguntas do PP

1ª Transcorrido máis dun ano dende o inicio das obras da estrada nacional 550 ao seu paso pola Rocha, as reiteradas e evidentes suspensións levadas a cabo nela; o apreciable trastorno que as ditas obras e a súa paralización supón non só para os veciños e os usuarios da dita vía, senón tamén para a seguridade viaria de todo o entorno; motivou que o Grupo Municipal Popular solicitara nos pasados meses de xuño e xullo que se adoptaran as medidas oportunas para axilizar as obras que se están levando a cabo na dita estrada.

Transcorridos tres meses dende a primeira solicitude, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente, que xestións se teñen realizado no último mes para que as ditas obras se axilizaran e se o proxecto foi obxecto de alegacións polo noso concello ou veciños de Cambre.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que o Concello non ten competencia sobre esta vía, que o cumprimento do Concello límtase a trasladar o problema á administración titular, o que xa se fixo, e esta ten un mes para responder. Engade que precisamente hoxe o alcalde ten unha reunión coa Demarcación de Estradas do Estado para tratar este e outros temas.

2ª Á vista dos labores de mantemento, conservación e limpeza levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos tramos interurbanos do río Brexa, ao seu paso por Cambre, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre os labores levados a cabo nel e o estado no que se atopa.

Dona Patricia Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, di que os labores realizados consistiron na retirada de madeira da canle do río, aproximadamente ao longo de 200 metros, co fin de evitar atascos e posibles inundacións posteriores derivadas deles.

Engade que tamén se retirou unha árbore que presentaba mal estado de conservación e estaba moi inclinada cara unha casa próxima, resultando perigosa.

Estes labores leváronse a cabo entre o día 3 e o día 5 de agosto por unha subcontrata de Augas de Galicia, debendo destacar que a única comunicación que recibiu o Concello previa a realización das tarefas detalladas foi unha chamada telefónica por parte da subcontrata mencionada.

3ª Nas comisións informativas do pasado mes de xullo, e no pleno ordinario do mes de agosto, solicitamos do Goberno municipal a mellora da sinalización da Nacional 550 ao seu paso polo noso termo municipal, entre elas, o sinal de perigo por desnivel, tirada na cuneta, así como a errónea modificación da sinalización de velocidade no lugar de Altamira, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro competente, que se informe sobre as xestións realizadas dende entón para cumprir os rogos aceptados.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que o Concello xa remitiu o rogo á Demarcación de Estradas do Estado pero aínda non executaron a petición. Reitera que hoxe o alcalde se atopa nunha reunión neste organismo para tratar este e outros asuntos.

5ª Nos últimos días tivemos coñecemento do anuncio do Goberno local que tras recoñecer que o mantemento dos colexios lle corresponde ao Goberno local, anunciou con gran despregue mediático a remisión dun escrito á Consellería de Educación para solicitar a súa “colaboración” no financiamento dos gastos de limpeza e hixienización dos centros educativos do municipio, conforme co protocolo ditado polo Goberno galego.

Para iso, o Goberno local calcula o desembolso en 66.124 € por curso escolar, sen que a día de hoxe saibamos cando foi remitido tal escrito á Consellería de Educación (se e que o foi), nin se ía acompañado de informe emitido por técnico competente que, no seu caso, xustificara minimamente a dita valoración, extremos polos que o Grupo Municipal Popular pregunta ao concelleiro competente en materia de Educación.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que espera que sexa positiva a resposta da Xunta pois di que debería asumir esta imprevisión xa que é máis un investimento que un gasto de mantemento. Engade que, aínda así, destinaranse os recursos que sexan necesarios.

Conclúe dicindo que está claro que os gastos de mantemento debe asumilos o Concello pero os demais gastos debería asumilos a Xunta e que así o entende tamén a Deputación de Pontevedra e a Deputación da Coruña a través duns informes que acaban de publicar.

6ª Ante as contraditorias declaracións do concelleiro de Educación nas que respecto do protocolo sanitario nos centros educativos se insta á Xunta de Galicia a que “deixe de derivar as súas competencias ás administracións locais”, á vez que recoñece as competencias municipais ao respecto e solicita a súa colaboración no financiamento dos gastos derivados da aplicación do protocolo, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que polo señor alcalde de Cambre se clarifique se o noso concello ten ou non competencias sobre o particular.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que de contraditorio nada, que estamos ante unha inversión por causa sobrevida e que, polo tanto, non é municipal.

Pregunta de AV

Única. No mes de agosto do pasado ano na web municipal fíxose unha publicación na que se falaba dun estudo no acceso modificado na rúa Estanque, no Temple, dende a Costa da Tapia.

Dende Alternativa seguimos a recibir queixas veciñais que consideran que este acceso non ofrece seguridade total no paso de peóns e o tráfico da Costa da Tapia ralentízase cando un vehículo precisa incorporarse á rúa Estanque.

Preguntamos, cales foron os resultados deste estudo que analizaría o comportamento do tráfico no lugar?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que nunca se pretendeu un estudo, simplemente unha observación para ver como funcionaba esta medida. Di que non lle constan reclamacións e que se está apostando polo peón fronte ao tráfico. Engade que se houbera conflito de tráfico, a Xunta seguro que daría aviso. Finaliza dicindo que cree que é máis seguro para o peón, que antes o paso era moi longo e algunhas persoas quedaban atrancadas no medio.

Preguntas de C's

No pasado pleno do mes de xuño deste ano aprobouse a proposta para solicitar á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e ao MITMA a cesión de varios terreos da súa titularidade para usos xenéricos situados no entorno da AP-9 ao seu paso por Cambre.

1ª Tense recibido algunha resposta á dita solicitude?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non.

2ª No caso de non terse recibido resposta, en que prazo de tempo estiman oportuno reiterar a petición ou solicitar información dela?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que cree que en tres meses, que é o prazo que ten a Administración Pública para responder. Engade que se vai tratar con eles tamén no día de hoxe ese tema a ver se poden axilizalo e que non sabe se teñen que darlle o visto e prace en Madrid, en cuxo caso a tramitación será máis longa.

3ª En relación co mobiliario urbano que se almacena no Centro de Formación Municipal.

Existe un rexistro de entrada e saídas de todas e cada unha das pezas que especifique os datos de quen retira ese mobiliario?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que si.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos de AV

1º Coñecemos de primeira man, que a xuventude, infancia e terceira idade son uns dos colectivos máis afectados na situación actual, nos que a “non normalidade” leva a estes colectivos así como a outros que presentan certa vulnerabilidade social. Isto modifica completamente, nalgúns casos, as diferentes políticas a aplicar para dar resposta ás novas necesidades que están xurdindo nos distintos colectivos.

Sexan realizados estudos que arroxen datos ao Goberno municipal para tomar acción nos diferentes departamentos que forman esta comisión e tamén para outros que se poidan ver afectados para cubrir as novas necesidades que están a xurdir nos veciños e veciñas de Cambre.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Xuventude e Deportes, di que non aceptan o rogo porque eles teñen contacto con todas as asociacións de todos os colectivos polo que non ve necesario pagar un estudo.

Dona Sandra Sánchez Vieites, de AV, di que pagar un estudo non, pero que si ve interesante que os técnicos municipais estuden mellor este tema porque non toda a xuventude ou outros colectivos forman parte de asociacións e non hai máis que ver os parques para darse conta que se precisa analizar estas novas necesidades e estudar a implementación de políticas diferentes.

Don Daniel Mallo Castro di que, logo desta explicación, si que aceptan o rogo.

2º A cancelación do programa de actividades deportivas, culturais e de xuventude como medida extraordinaria deste Goberno municipal como prevención da situación da crise sanitaria.

Independentemente disto, consideramos este tipo de actividades como esenciais para a veciñanza, obviamente adaptando á nova situación e ás pertinentes medidas que hai que tomar. Aínda que se están a realizar determinadas actividades de carácter puntual.

Rogamos sexan activados os programas de actividades desta comisión informativa.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Xuventude e Deportes, di que non aceptan o rogo pois é complicado activar todas as actividades coa situación actual. Engade que se está celebrando todo o que se pode, pero que teñen que adaptarse e que a medida que a situación o permita irán activando estas actividades.

Preguntas do PP

1ª No pleno ordinario do pasado mes de agosto, o concelleiro de Patrimonio recoñeceu que o noso concello non solicitara axudas da Xunta de Galicia coa finalidade de acometer accións de mellora paisaxística e restauración de bens do patrimonio etnográfico galego no Camiño de Santiago, como así o fixeron outros concellos do noso entorno.

Entre os motivos que se aduciron para non solicitar as ditas subvencións xustificouse a concorrancia con outras subvencións incompatibles, coas doutras administracións, como as provenientes da Deputación da Coruña.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro de Patrimonio sobre as subvencións percibidas e o seu montante para este mesmo ou parecido fin, dende outras administracións públicas.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial nos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que a Consellería de Turismo concedeulles unha axuda por importe de 22.500 euros, sendo o importe máximo da mesma de 25.000 euros.

Engade que están á espera dunha axuda da Deputación relativa ao Patrimonio Etnográfico e que neste caso o Concello deberá aportar o 20% da cantidade executada.

2ª Respecto da apertura da nova Casa da Cultura que, segundo se nos dixo a preguntas deste Grupo Municipal Popular, ía ser aberta oficialmente este mes de setembro tras case un ano de peche da anterior, pregúntase á concelleira de Cultura quen adoptou a decisión de levantar a antiga biblioteca central de Cambre sen ter resolta a apertura da nova, así como a data e actos programados para isto.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que ela mesma, e que como se están formulando tres preguntas nunha, que soamente vai contestar a primeira.

3ª - 4ª - 5ª Así mesmo, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente en materia de Xuventude respecto da Casa da Arrigada:

- Que problemas poden terse producido na súa rehabilitación ou instalacións para que non se procedera á súa apertura?
- Cales son os plans previstos para a súa apertura?
- Data prevista para a súa apertura.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Xuventude e Deportes, contesta que os problemas producidos son varios, pero sobre todo o que ten que ver coas filtracións.

E di que a apertura prevese en datas próximas, no vindeiro mes de outubro.

Don Juan María Abalo Castex dá lectura das preguntas non respondidas pola concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, co fin de que se lle dea resposta por escrito:

- Cal é a data e actos programados para a apertura da Casa da Cultura

Preguntas de AV

1ª No pleno de agosto dende Alternativa dos Veciños fixemos unha pregunta enfocada a activación dos diferentes programas de actividades do Departamento de Xuventude adaptado á actual situación, o cal non nos foi contestado.

Seguimos sen saber como se está a poñer en acción o eslogan deste ano “Iguálate”, cales son as previsións para o programa de actividades xuvenís e outros servizos do departamento, así como a anunciada apertura da Casa da Xuventude na Arrigada.

Por isto preguntamos de novo cal é a previsión para o desenrolo dos programas xuvenís?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Xuventude e Deportes, di que é imposible das datas concretas e que se irá desenvolvendo segundo permita a situación sanitaria.

2ª Son múltiples as actividades e servizos que foron cancelados, sobre todo nas áreas desta comisión, coa crise sanitaria. Nos últimos meses temos o exemplo do Rock in Cambre, as actividades culturais que acompañan as festas de Santa María de Cambre ou campamentos da OMIX, entre outras.

Que se concrete en que se van a aplicar as partidas orzamentarias que non están a ser empregadas?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Xuventude e Deportes di que entende que esta pregunta corresponde á Comisión de Facenda polo que se contestarán por escrito.